

# Código Cero

Novas | Versión en español | Versión en portugués | Revista en papel | Top 100 | Nós

Buscar:

Buscar en Código Cero:

## Unha empresa galega de deseño web recibe o recoñecemento da UE

martes 22 de decembro do 2009, por Raquel Noya | Enviar por e-mail | Compartir



A galega Factoría Eurodigital, unha empresa con sede en Pontevedra con máis de dez anos de experiencia no campo do deseño e do desenvolvemento de produtos audiovisuais en liña, vén de recibir un importante recoñecemento ao seu labor por parte da Unión Europea, que logo dunha década facendo reais os proxectos de outras empresas, chega nun momento de auxe para esta entidade.

A firma, á que lle debemos a creación de portais tan interesantes como [www.descubregalicia.com](http://www.descubregalicia.com) e [www.virtualplanet360.com](http://www.virtualplanet360.com), foi distinguida pola Unión Europea de entre máis de 1.500 proxectos pola súa faceta innovadora e creativa, dúas características que definen á

perfección as ferramentas creadas polos seus deseñadores.

Esta distinción aínda adquire máis relevancia se temos en conta que 2009 foi declarado *Ano Europeo da Creatividade e Innovación* e que xunto a Factoría Eurodigital unicamente outras 16 empresas españolas foron recoñecidas no marco dun programa destinado precisamente ao fomento de iniciativas innovadoras e creativas.

Un grupo de expertos independentes responsables do desenvolvemento dos programas da Comisión Europea no ámbito da innovación foron os encargados de seleccionar as propostas que máis se axeitaban ao programa marco, entre os que saíu escollida a iniciativa galega.

Para José Manuel García Fernández, director de Factoría Eurodigital, este recoñecemento por parte da Unión Europea representa o "colofón a unha traxectoria que se iniciou fai agora 10 anos, cando un grupo de mozos entusiastas das novas tecnoloxías puxeron en marcha este proxecto con máis vontade que medios".

### Na mesma sección

- Numerosas páxinas web celebran o Día dos Santos Inocentes enganando aos seus visitantes
- BTstack habilita o uso de teclados Bluetooth no iPhone
- Amazon vendeu o día de Nadal máis e-books que libros físicos

### Publicidade:



e beneficiese da fiscalidade actual do 18%

XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN E INDUSTRIA